



Desenvolvemento curricular en FP SAN. Sanidade

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e
Innovación Educativa



O currículo dos módulos profesionais LOE

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e
Innovación Educativa

Ciclos formativos LOE de SAN

Definición

Cod_Ciclo	Nome_Ciclo	BOE	DOG	Curso de implantación
CMSAN01	CM Emerxencias sanitarias	24/11/2007	06/10/2008	2008/2009
CMSAN02	CM Farmacia e parafarmacia	17/01/2008	30/03/2010	2009/2010
CMSAN03	CM Coidados auxiliares de enfermaría	?	?	2013/2014?
CSSAN01	CS Audioloxía protésica	15/01/2008	06/05/2010	2009/2010
CSSAN02	CS Próteses dentais	?	?	2013/2014?
CSSAN03	CS Ortoprótese e produtos de apoio	?	?	2013/2014?
CSSAN04	CS Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear	?	?	2013/2014?
CSSAN05	CS Laboratorio clínico e biomédico	?	?	2013/2014?
CSSAN06	CS Laboratorio de patoloxía e citodiagnóstico	?	?	2013/2014?
CSSAN07	CS Radioterapia e dosimetría	?	?	2013/2014?
CSSAN08	CS Documentación sanitaria	?	?	2013/2014?
CSSAN09	CS Hixiene bucodental	?	?	2013/2014?

Os módulos profesionais

Estrutura

- Os módulos profesionais especificarán:
 - Denominación e código.
 - Equivalencia en créditos ECTS, ECVET, de ser o caso.
 - Duración en horas.
 - Obxectivos, expresados en termos de resultados de aprendizaxe.
 - Criterios de avaliación.
 - Contidos básicos, que quedarán descritos de xeito integrado, en termos de procedementos, conceptos e actitudes.
 - Orientacións pedagóxicas para o seu desenvolvemento.

Os módulos profesionais

Estrutura

- No caso de que o módulo estea organizado en unidades formativas de menor duración, a estrutura destas será similar á dos módulos profesionais, e especificarán:
 - Denominación e código.
 - Duración en horas.
 - Obxectivos, expresados en termos de resultados de aprendizaxe.
 - Criterios de avaliación.
 - Contidos básicos, que quedarán descritos de xeito integrado, en termos de procedementos, conceptos e actitudes.

Os módulos profesionais

Estrutura

- Responden ao seguinte patrón:
 - Resultado de aprendizaxe 1:
 - Criterio de avaliación 1.1
 - Criterio de avaliación 1.2
 - Criterio de avaliación 1.M
 - Resultado de aprendizaxe 2:
 - Criterio de avaliación 2.1
 - Criterio de avaliación 2.2
 - Criterio de avaliación 2.M
 - A cada resultado de aprendizaxe asóciáanse unha serie de contidos procedementais, conceptuais e actitudinais redactados de forma integrada.

Os módulos profesionais

Formato dos resultados de aprendizaxe

- Os obxectivos dos módulos profesionais describen o conxunto dos resultados de aprendizaxe que as persoas terán que alcanzar logo de finalizado o módulo.
 - Estes resultados de aprendizaxe deben inferir que as persoas van desempeñar de xeito eficaz e eficiente as funcións no campo profesional asociado a estes.
- Formúlanse a través de tres grandes compoñentes:
 - **Logro:** expresa a acción que se debe alcanzar asociada a unha función, técnica, proceso, equipamento, etc.
 - **Obxecto da actividade:** expresa o contido sobre o que se debe alcanzar o logro.
 - **Accións no contexto de aprendizaxe:** expresan os conceptos máis salientables asociados á consecución do logro no contexto de aprendizaxe.

Os módulos profesionais

Formato dos resultados de aprendizaxe

- Exemplo

RA4. Asegura as comunicacións analizando o funcionamento dos elementos dunha rede autónoma de comunicación

Logro	Obxecto da actividade	Accións no contexto de aprendizaxe
Asegura	as comunicacións	analizando o funcionamento dos elementos dunha rede autónoma de comunicación

Os módulos profesionais

Formato dos criterios de avaliación

- Os criterios de avaliación son concrecións que permiten valorar se os resultados de aprendizaxe foron alcanzados e expresan os niveis aceptables deste.
 - Estes criterios deben incluír os indicadores para medir os procedementos, os conceptos e as actitudes asociados aos resultados de aprendizaxe.
- Os criterios de avaliación caracterizan os resultados esperados, orientan sobre a selección dos contidos, sobre a metodoloxía e sobre os deseños dos contextos de aprendizaxe. Caracterizan o alcance e nivel dos resultados de aprendizaxe.
- Os criterios de avaliación fórmulanse a través de dous grandes compoñentes:
 - **Acción realizada:** expresa, de forma cuantitativa e/ou cualitativa, a concreción do resultado de aprendizaxe que se tivo que demostrar para alcanzar o logro (de forma impersoal, como unha acción xa rematada)
 - **Contido da actividade ou/e condicións:** expresa o contido sobre o que se alcanza o resultado.

Os módulos profesionais

Formato dos criterios de avaliación

RA4. Asegura as comunicacións analizando o funcionamento dos elementos dunha rede autónoma de comunicación		
Logro	Obxecto da actividade	Accións no contexto de aprendizaxe
Asegura	as comunicacións	analizando o funcionamento dos elementos dunha rede autónoma de comunicación
Accións	Contido da actividade e condicións	
CA4.1. Identificáronse	As necesidades de comunicación entre os operativos na área do suceso.	
CA4.2. Valoráronse	As vías de comunicación que permitan manter canles operativas.	
CA4.3. Puxéronse en marcha e programáronse	Os equipamentos de comunicación.	

Os módulos profesionais

Formato dos contidos

- Os contidos de cada módulo profesional son o instrumento de mediación do proceso de aprendizaxe que van permitir alcanzar os obxectivos deste.
- O formato de presentación dos contidos será de xeito integrado en termos de procedementos, conceptos e actitudes.

Os módulos profesionais

Orientacións pedagóxicas

- As orientacións pedagóxicas teñen como finalidade orientar o profesorado, de xeito xeral, para lle facilitar a planificación docente e a acción didáctica. En cada módulo descríbese de maneira resumida os aspectos seguintes:
 - Función do módulo profesional respecto das competencias que deben adquirir as persoas, e a súa relación co sector produtivo.
 - Función do módulo profesional respecto da consecución dos obxectivos xerais do ciclo formativo e das competencias profesionais, persoais e sociais.
 - Os tipos de actividade e a súa organización que permiten alcanzar o maior número de ámbitos da competencia

Desenvolvemento curricular e programación

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e
Innovación Educativa

Tipos de programación

- Perspectiva tradicional
 - Programación didáctica.
 - Programación de aula.
- Estes dous tipos de programacións fuxionanse na nova normativa de FP
 - Programación (FP)


Programación didáctica

- **Distribución de obxectivos, contidos e criterios de avaliación.**
- **Metodoloxía didáctica que se vai aplicar.**
- **Procedementos de avaliación da aprendizaxe.**
- Actividades de recuperación.
- **Materiais e recursos didácticos.**
- Programación correspondente aos temas transversais.
- Actividades complementarias e extra-escolares.
- Medidas de atención á diversidade e adaptacións curriculares.

Programación de aula

- Distribución de resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos.
 - Unidades didácticas.
 - Actividades.
- Metodoloxía didáctica que se vai aplicar.
 - Método didáctico: fases e tipos de actividades.
 - Descrición de actividades e tarefas.
 - Recursos: uso de materiais e espazos.
 - Roles do profesorado e do alumnado.
- Procedementos de avaliación da aprendizaxe.
 - Actividades de avaliación.

Relación entre a programación didáctica e a de aula



Programación FP

A34°. Decreto 114/2010. A23°. Orde 12 xullo 2011

- 1. Identificación da programación.
- 2. Concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo.
- 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional.
 - Secuencia.
 - Tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.

Programación FP

A34º. Decreto 114/2010. A23º. Orde 12 xullo 2011

- 4. Por cada unidade didáctica:
 - a) Identificación da unidade didáctica.
 - b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan.
 - c) Obxectivos específicos da unidade didáctica, en relación coas actividades de ensino e aprendizaxe.
 - d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado, en relación cos instrumentos de avaliación, os mínimos esixibles e o peso da cualificación.
 - e) Contidos.
 - f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación.

Programación FP

A34°. Decreto 114/2010. A23°. Orde 12 xullo 2011

- 5. Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.
- 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas.
 - a) Procedemento para definir as actividades de recuperación.
 - b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua.
- 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

Programación FP

A34º. Decreto 114/2010. A23º. Orde 12 xullo 2011

- 8. Medidas de atención á diversidade.
 - a) Procedemento para a realización da avaliación inicial.
 - b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.
- 9. Aspectos transversais
 - a) Programación da educación en valores.
 - b) Actividades complementarias e extraescolares

Programación

Desenvolvemento artigo 34º do Decreto 114/2010 de Ordenación
FP


Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Distribución do currículo en UD's

Método de traballo

Proceso e formularios

Proceso de distribución do currículo en UD's



Método de traballo

Etapa 1. Secuencia de UD

- **F1. Identificación do módulo** e das unidades formativas (títulos e duracións).
- **F2. Relación de Unidades didácticas** (secuencia de RA e duración das UD).
- **F3. Distribución do currículo en UD.**
 - **F3a. Asociación** cos elementos do currículo.
 - **F3b. Adaptación** dos elementos do currículo á UD.

Notas


- **Os títulos das UD son os que o profesorado estableza** e, normalmente, non coincidirán cos títulos dos bloques de contidos.
- **As UD establécense seleccionando a parte do currículo que tratan** e teñen a súa mesma estrutura: resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos.
- **Os elementos do currículo que se seleccionan en dúas ou máis UD poden** (ou deben) **desagregarse** para asignar a cada UD a parte que lle corresponda (amosar un exemplo cun RA, cun CA e cun contido).
 - **Notación:** os elementos resultantes de dividir un elemento do currículo débense representar en cor encarnada.

Deseño das unidades didácticas

Método de traballo

Proceso e formularios

Proceso de diseño de unidades didácticas



Método de traballo

Etapa 2. Deseño das actividades

- **F1. Táboa de currículo da UD**
 - F1a. Obtención da táboa de elementos do currículo da UD.
 - F1b. Explicitar os contidos derivados dos criterios de avaliación.
- **F2. Táboa de actividades.**
- **F3. Selección do currículo das actividades e da avaliación.**
 - F3a. Asignación de elementos do currículo da UD ás actividades.
 - F3b. Instrumentos de avaliación para cada criterio.
- **F4. Deseño de tarefas.**

Notas

- **O currículo completo da UD debe amosar os contidos asociados aos criterios de avaliación** (por exemplos).
 - **Notación:** os contidos asociados a un criterio de avaliación representaranse en cor verde.
- **As actividades poden ser, inicialmente, definidas a partir da práctica docente habitual.** O obxecto deste procedemento é axustalas ás necesidades do currículo.
- **Os elementos do currículo da UD asignados ás actividades poden** (deben?) **desagregarse** cando se deban impartir en máis dunha actividade (poñer exemplos representados coa notación encarnada).
- **Poden inserirse elementos novos** (contidos e CAs, especialmente) se se consideran necesarios para impartir a UD (por exemplos).
 - **Notación:** os elementos novos deben representarse en cor azul.
- **Debe asociarse polo menos un instrumento de avaliación con cada CA** da unidade didáctica.
- **Os instrumentos de avaliación deben asociarse cos correspondentes procedementos de avaliación** na relación de tarefas (por exemplos).



Grazas

pola súa atención

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e
Innovación Educativa**

www.edu.xunta.es/fp

